



OBRADOIRO SONORO
PAISAXE SONORA → [W O R K S H O P]
por escoitar.org



[FICHA DO OBRADOIRO]

***Título:** Paisaxe Sonora [Soundscapes]

***Descrición:**

A obsesión occidental por favorecer os aspectos visuais da cultura provocou o menosprezo doutras capacidades perceptivas, como o oído, relegando a un segundo plano aquelas experiencias existenciais consideradas menos significativas, en gran parte, polo seu carácter efémero. No século XX asistimos a un crecente interese polo fenómeno sonoro mais alá da música e da física acústica no que os sons medioambientais revélanse como un interesante obxecto de estudo interdisciplinario (antropoloxía, ecoloxía sonora, bioacústica, ciencias cognitivas, arquitectura, creación artística...). Ben sexan naturais ou unha construción produto do funcionamento das sociedades modernas, os sons que nos rodean forman parte inevitable das nosas vidas e da nosa memoria colectiva, presentándose como un material inestimable para a comprensión das culturas e as sociedades que os producen, os utilizan ou os perciben. Por esta razón, a actitude cara ó son dun lugar non só debe ser positiva, se non que débese estudar para identificar aqueles compoñentes que merecen a pena conservar, ou, incluso, restaurar. Unha aproximación ó son dun lugar é unha aproximación ó seu patrimonio inmaterial, que pode recollese con fins estritamente documentais, ou, no caso de "Escoitar.org", o proxecto co que se traballará neste obradoiro, como materia bruta para a posterior análise cultural, para a creación artística e para suscitar debate e cooperación na rede.

Os sons son materias non renovables e o feito de capturalos e expoñelos supón un alongamento da súa vida, xenerando novos espazos vivos e mutantes. Percibir, comprender e concebir a nosa identidade sonora, a dos nosos lugares, a súa coherencia e a súa idiosincrasia é un exercicio necesario e saudable. Atopar o equilibrio bioacústico dun lugar, crear retratos o "Postaís Sonoras", e construír un mapa de situación (online) e unha descrición destes lugares a través da súa paisaxe sonora contribúe á construción da identidade dunha zona xeográfica; o son como patrimonio, o son como documento histórico. Todo gracias ás posibilidades que ofrece a rede como sistema horizontal e democrático. Con este fin desenvolveuse un software adicado á publicación libre de paisaxes sonoras (Social Soundscapes) que permite a calquera usuario participar subindo audio ao sistema e colocalo automaticamente no lugar xeográfico no que ten sido grabado (o patrimonio sonoro consensuado). Neste obradoiro explicárase o proceso de construción do proxecto libre, colaborativo e aberto Escoitar.org, baseado na API de Google-Map.

***Coordinación:** Chiu Longina

[información curricular resumida ao final deste documento]

***Ponentes:** Horacio González, Juan-Gil, Berio Molina, Julio Gómez e Chiu Longina

[información curricular resumida ao final deste documento]

***Formato:**

30 horas de duración repartidas en clases de 4 horas, (unha semana, de mércores a martes, para contar cunha fin de semana no medio do curso).

***Horario:**

Clases diarias de 4 horas de duración (2+descanso+2). A establecer pola organización. Presentación pública do traballo dos participantes ó último día do taller nun espazo adicado en sistema Surround 5.1 ou cadrafonía "Paisaxe Sonora de Vigo".

***Plazas:**

A configuración ideal é de 20 persoas. Adaptable ás necesidades da organización.

***Destinatarios:**

Artistas, músicos ou creadores nas áreas da imaxe, son e multimédia interesados en desenvolver proxectos de creación sonora ou sonorización de obra plástica. No son necesarios requisitos previos, así que calquera persoa interesada no curso será benvinda. **(Consultar información dos contidos).**



***Obxetivos:**

O principal obxectivo é a introducción do participante no mundo da Arte Sonora, (concretamente na disciplina Paisaxe Sonora). Para elo utilizaranse proxeccións e audicións dos principais traballos e proxectos neste eido ao longo da historia. Falarase dos protagonistas e do actual debate arredor do son como documento histórico, símbolo de identidade e materia prima no traballo plástico. Preténdese que os participantes sexan capaces de afrontar un proxecto baseado na gravación e edición orixinal de audio. Aprenderán os principios da dixitalización do audio e o procesado posterior así como o montaxe final nun soporte físico e nun soporte virtual como a Web (publicaranse as paisaxes de Vigo no proxecto aberto e colaborativo Escoitar.org). Incidirase tamén nas posibilidades do audio como “material” de traballo para o artista introducíndose nas diferentes posibilidades de mostralo: a instalación sonora e os servidores de audio por streaming (en internet). Outro dos obxetivos é mostrar un retrato sonoro (instalación en Surround 5.1 ou Cadrafonía) da personalidade da cidade de Vigo, das súas xentes e do seu “ruído”; a Paisaxe Sonora de Vigo. Todo elo con ferramentas e materiais libres de dereitos (Linux Audio).

[DETALLES DO OBRADOIRO]

FUNCIONAMENTO

O obradoiro divídese en dúas partes:

TEORÍA

*Iniciación á Paisaxe Sonora (dende o punto de vista etnográfico e artístico). [Chiu Longina e Juan Gil]

*Percorrido pola historia e a actualidade dos proxectos de Paisaxe Sonora internacionais. [Chiu Longina]

*Audio-conferencias: exemplos sonoros doutros proxectos similares e da Arte Sonora como disciplina. [Julio Gómez]

PRÁCTICA

*Gravacións de Campo e tratamento informático do son (softwares varios, todos libres). [Berio Molina]

*Proceso de construción do sistema Web aberto e colaborativo para a publicación de son: Escoitar.org. [Horacio González]

*Creación dunha Instalación Sonora [Paseo Sonoro pola cidade] para a exhibición pública ó remate do obradoiro. [Chiu Longina, Juan Gil, Julio Gómez, Berio Molina e os participantes no Obradoiro]

ESPAZO E EQUIPAMENTOS

O obradoiro impartirase nunha aula equipada con varios ordenadores (1 por cada 2-3 alumnos). Haberá varios **Ordenadores Maestros** -que aportan os poñentes- [**PC+MAC** (host)], conectados a unha **Consola de Mixturas** equipada cun **Sistema Cuadrafónico** (monitoraxe) y cunha **Grabadora de DVD** para a publicación final do traballo en algún dos formatos explicados no obradoiro.

Un **proyector de Video** (mínimo 1.500 Lumens) para a proxección de videos e da pantalla dos ordenadores host.

O inicio do taller **entregarase un cd.rom** a cada alumno cos seguintes conidos:

[**Mediateca** (html) sobre Arte Sonora, Paisaxe Sonora, Tendencias Postdixitais, técnicas de gravación e procesado de audio, introducción á síntese sonora, textos históricos sobre Arte Sonora, protagonistas do movemento...Máis de 2000 páxinas libres de dereitos en formato web.]

[Banco de sons puros, procesados e gravacións de campo para o traballo no obradoiro]

[E-Book “Introducción al MIDI”. Diccionario MIDI. Edición de Audio. Principios do audio Dixital]



Equipo que aportan os profesores:

2 Ordenadores portátiles optimizados para audio.
Consola de Mixturas portátil de 6 canais.
Tarxeta de son externa 6 canais para montaxes Surround 5.1
Grabadora DVD
2 Grabadores Mini-Disk profesionais+Micrófono Condensador externo.
CD.Rom master Mediateca Arte Sonoro.
Dominio en internet e hosting para a montaxe do proxecto web: Escoitar.org.
Todas as ferramentas software necesarias para desenvolver o proxecto (incluíndo a instalación nos ordenadores dos participantes)

Equipo necesario (que aporta la organización). Rider Técnico.

Proxector de Vídeo (mínimo 1.500 Lumens)
Pantalla de proxección ou parede branca (mínimo 2x1.5m)
1 Cd virxe por cada alumno do obradoiro
2 pares de monitores activos (Event, Genelec ou similar) -OS DE SINSALaudio-
2 Equipos de gravación portátil (MiniDisk+micrófono externo ou sistema dixital)

INFORMACIÓN DOS CONTIDOS

Cada clase de este obradoiro, ao marxe das partes técnicas (fundamentais), incluírá unha parte teórica na que se leerán textos decisivos na evolución da disciplina. Traballarase especialmente con textos históricos da corrente “Paisaxe Sonora” e faranse proxeccións e audicións das pezas importantes da historia da Arte Sonora (R.Murray Schafer, Barry Truax, Daniel Maggiolo, H.Westerkamp, José Manuel Berenguer, José Iges, Francisco López, etc.).

I. Técnica audio e software

- .Características ideais de hardware e software. Instalación/desinstalación
- .Consideracións xerais sobre o son. Audio dixital: definicións.
- .Técnicas de gravación de campo.
- .Dixitalización. As tarxetas de son. PCI, USB, FIREWIRE.
- .Volcado de arquivos gravados ó ordenador.
- .Edición e masterización. Procesado de Audio das gravacións de campo.
- .Montaxe multicanal das obras sonoras.
- .Queimado do soporte final para a exposición.
- .Construcción da ferramenta Web Escoitar.org.
- .Integración de Google-Map na Web.
- .Instalación dos son do obradoiro na web pública.

II. Teoría Arte Sonora

- .Arte Sonora. Artistas, obras. Vídeos de Arte Sonoro (sesións temáticas).
- .Lectura e análise de textos: Arte Sonora, Paisaxe Sonora, Novo Ensaio (Glitch, Error dixital, tendencias post-dixitais, bootles, Mashups, Plunderphonics, etc), Etnomusicoloxía, Etnografía sonora, etc



BIOS BREVES: PROFESORES

***Chiu Longina:** Antropólogo (UCM) e Artista Sonoro. Estudos de musicoloxía na Universidade da Rioxa, co-fundador do colectivo SINSALaudio de Vigo, membro da Comunidade Alg-a, membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora en Galicia Escoitar.org, co-editor da publicación online “mediateletipos.net” e coordinador do portal de Arte Sonora “artesonoro.org”.

***Horacio González:** Lic. En Bellas Artes, programador e coordinador do Festival de Arte Sonora IFI (Fac. Belas Artes de Pontevedra), membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora en Galicia Escoitar.org.

***Juan Gil:** Musicólogo. membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora en Galicia Escoitar.org. Desenvolveo diversas investigacións no campo da etnomusicoloxía, a música popular urbana, e a música contemporánea. Traballou nos últimos anos no ámbito interdisciplinar da música e as artes plásticas –Espacio Permeable-. Crítico musical en publicacións como Mundo Clásico e La Opinión. Participou nos proxectos de investigación 100 años de la Biblioteca América (Vicerrectorado de Cultura e Servicios á Comunidade Universitaria, USC) e Raíces musicales (Secretaría de Ciencia y Técnica y Posgrado de la Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza, Argentina).

***Berio Molina:** Artista Sonoro, membro da Comunidade Alg-a, membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora de Galicia Escoitar.org, foi membro do colectivo de performances Flexo dende 1999 ata 2004 e membro do equipo de produción do festival IFI nos anos 2002, 2003 e 2004.

***JULIO GÓMEZ:** COORDINADOR DO COLECTIVO SINSALAUDIO E XERENTE-PROGRAMADOR DO CLUBE VADEMECWM, AMBOS DE VIGO.



TEXTO PAISAXE SONORA (DO PROXECTO ESCOITAR.ORG)

A obsesión occidental por favorecer os aspectos visuais da cultura provocou o menosprezo doutras capacidades perceptivas, como o oído, relegando a un segundo plano aquelas experiencias existenciais consideradas menos significativas, en gran parte, polo seu carácter efémero.

No obstante asistimos ó longo do século XX a un crecente interese polo fenómeno sonoro mais alá da música e da física acústica no que os **sons medioambientais** revélanse como un interesante obxecto de **estudo interdisciplinario** (antropoloxía, ecoloxía sonora, bioacústica, ciencias cognitivas, arquitectura, creación artística...)

Ben sexan naturais ou unha construción produto do funcionamento das sociedades modernas, **os sons que nos rodean forman parte inevitable das nosas vidas e da nosa memoria colectiva, presentándose como un material inestimable para a comprensión das culturas e as sociedades que os producen, os utilizan ou os perciben.**

Por esta razón, a actitude cara ó son dun lugar non só debe ser positiva, se non que debese estudar para identificar aqueles compoñentes que merecen a pena se conservar, ou, incluso, restaurar.

O interese pola Paisaxe Sonora é relativamente recente e apenas estudiado dende o punto de vista artístico e cultural. O grupo de investigadores que baixo o nome de *World Soundscape project* surxiu na Universidade Simon Fraser (Vancouver) a finais dos sesenta da man de M. Schafer y B. Truax presentaba unha proposta pioneira -“documentar e arquivar paisaxes sonoras, describilos e analízalos, e promover un aumento do coñecemento público a través da escoita e do pensamento crítico”- que dende entón tense enriquecido con diferentes enfoques. Institucións como o [WFAE](#) (world forum for acoustic ecology) [1] ou o [Acoustic ecology institute](#) [2], proxectos como [Acoustic Environments in Changes](#) [3], [Soundtransit](#) [4] ou [Earth Ear](#) [5], grupos de traballo como [CRESSON](#) (Centre de recherche sur l'espace sonore et l'environnement urbain) [6] ou [Ciudad Sonora](#) [7], os textos de Y. Leroy, J. F. Augoyard, B. Krausse, A. Corbin ou as obras de numerosos artistas como B. Truax, B. Fontana, H. Westerkamp ou A. McCartney son só algúns dos exemplos do crecente interese que suscita a idea de “paisaxe sonoro” na súa multiplicidade de perspectivas.

Unha aproximación ó son dun lugar é unha aproximación ó seu patrimonio inmaterial, que pode recollese con fins estritamente documentais, ou, no caso de “Escoitar”, como materia bruta para a posterior análise cultural e para suscitar debate e cooperación na rede. Expoñer son nunha instalación artística ou nun proxecto en rede é, en realidade, contar o “paso do tempo”, sincronizar a línea do tempo universal con ese momento e esa situación. Os sons son materias non renovables e o feito de capturalos e expoñelos supón un alongamento da súa vida, xenerando novos espazos vivos e mutantes. Percibir, comprender e concebir a nosa identidade sonora, a dos nosos lugares, a súa coherencia e a súa idiosincrasia é un exercicio necesario e saludable.

Atopar o equilibrio bioacústico dun lugar, crear retratos o “Postais Sonoras”, e construír un mapa de situación (on-line) e unha descrición destes lugares a través da súa paisaxe sonora contribúe á construción da identidade dunha zona xeográfica -o son como patrimonio, o son como documento histórico-. Todo gracias ás posibilidades que ofrece a rede como sistema horizontal e democrático.

Con este fin se desenvolve un software adicado á publicación libre de paisaxes sonoras (Social Soundscapes) que permite a calquera usuario participar subindo audio ó sistema e colocalo automaticamente no lugar xeográfico no que ten sido grabado.

Basado nas APIs de Google-Map, (Googlemap hack) o usuario pode navegar polo mapa google ata atopar o lugar onde fixo a súa grabación de campo. Facendo click en dito lugar, o software deseñando localiza automaticamente a latitude e a lonxitude de maneira que o resto de internautas poden localizalo e escoitalo.

[1] “Espectro multidisciplinario de individuos implicados no estudio dos aspectos sociais, culturais e ecolóxicos do ambiente sonoro”

[2] “Aumentar o coñecemento persoal e social dos nosos medioambientes sonoros, a través de programas educativos en escolas, eventos rexionais, e o noso sitio web internacionalmente recoñecido, [acousticEcology.org](#), un centro de información sobre temas ambientais relacionados co son e coa investigación científica”

[3] “Proxecto internacional multidisciplinario que estudia os cambios das paisaxes sonoras en seis poboacións europeas no que participan investigadores, artistas, xornalistas, habitantes locais e pioneiros canadenses do estudio das paisaxes sonoras”

[4] “Comunidade online dedicada ó ámbito da gravación de campo e á fonografía. Neste lugar podes planear unha viaxe sonora o longo de varias localizacións gravadas ó redor do mundo, ou podes buscar na base de datos sons específicos gravados por distintos artistas en distintos lugares”

[5] “Sitio deseñado como un espazo-instalación experimental no que podes navegar a través de galerías que proporcionan diferentes estilos de paisaxes sonoras medioambientales artísticas”.

[6] Laboratorio que investiga sobre os entornos sensibles e sobre os ambientes arquitectónicos e urbanos [...] Enfocado en principio ó estudio dos espazos sonoros, o laboratorio ha ampliou, a partir dos anos 90, as súas investigacións a múltiples dimensións da percepción sensible in situ. Os investigadores abordan os fenómenos luminosos, térmicos, olfactivos, hápticos e cinéticos”.



[7] “Grupo de investigación entorno á dimensión sonora da vida social, que agrupa a profesionais de diversos ámbitos (antropoloxía, psicoloxía social, arquitectura, acústica, etnomusicoloxía, deseño) e ten como obxectivos crear unha rede de proxectos de investigación relativos ó son e á investigación social, desenrolar unha dinámica de investigación permanente sobre o son e as súas condicións perceptivas, políticas e estéticas e incentivar e participar no desenrolo de accións e intervencións ó fin de visibilizar o aspecto sonoro da vida urbana”

